

VI ASALTAMONTES TRAIL

DATA: **11 de Agosto de 2024** (domingo)

LOCALIDADE: **Xunqueira de Ambía**

LUGAR DE SAIDA: **Diante do Concello**. Pulse no icono para ver a ubicación no mapa



MÁXIMO INSCRICIÓN: 600 participantes (300 trail (curto-longo) / 300 andaina)

INSCRICIÓN: En asaltamontestail.galitiming.com



1- INSCRICIÓN:

1) As inscricións realizaranse online en Galitiming (se alguén tivera algún problema pode contactar por email con osaltamontes@gmail.com).

2) A inscrición inclúe:

- Dorsal personalizado
- Obsequio participación
- Cronometraxe/clasificacións (soamente para as probas Trail)
- Seguro de accidentes e RC
- Avituallamentos (durante e ao final da proba)
- Servicio médico e de ambulancia

* A partir do día 15/07/2024 non se asegura talla na prenda de regalo

PERCORRIDOS E DISTANCIAS (*)

EVENTO	DISTANCIA	DESNIVEL	HORA SAIDA
Asaltamontes Trail Longo (ATL)	31 KM	+1650	09:00
Asaltamontes Trail Corto (ATC)	14 KM	+800	10:00
Andaina Asaltamontes (AS)	18 KM	+675	A partir das 10:05
(**): Posibilidade de saída no km 3 para completar un percorrido de 7,5 km.	7.5 KM	+390	

(*) As distancias poden sufrir algunha alteración, pero nunca mais de +/- 1km. En calquera caso avisaríase con antelación

2- PERIODOS DE INSCRICIÓN E PREZOS

FASE	EVENTO	PREZO (*)	DATA LIMITE PAGO
1	Trail longo	20€	Do 11 de febreiro ao 28 de xullo
1	Trail curto	15€	Do 11 de febreiro ao 28 de xullo
1	Andaina	10€	Do 11 de febreiro ao 28 de xullo
2	Trail longo	24€	Do 29 de xullo ao 5 de agosto
2	Trail curto	18€	Do 29 de xullo ao 5 de agosto
2	Andaina	11€	Do 29 de xullo ao 5 de agosto

3- PROGRAMA/HORARIO

Día previo (sábado 10/08/2024)

1:00 Entrega de dorsais ata as 21 horas **(no claustro da igrexa)**

Día do evento (domingo 11/08/2024)

08:00 Entrega dorsais ata 10 minutos antes de cada proba **(na zona de Saida/Meta)**

09:00 Saida Trail longo

10:00 Saida Trail curto

10:05 Saida Andaina

13:00 Kids Trail

13:15 Entrega de Trofeos Trail curto

13:30 Entrega de Trofeos Trail longo

15:30 Peche de meta

4- SEÑALIZACIÓN E CONTROIS

O percorrido estará sinalizado por carteis indicadores, cinta de balizar e marcas de pintura laranxa. Tamén haberá persoal da organización nos lugares clave.

Haberá controis de paso en varios puntos do percorrido para acreditar que todos os participantes fan a totalidade do trail correctamente.

O chip entrégase conxuntamente co dorsal e terá que ser devolto ao rematar a proba (a non devolución implica o pago de 10€)

A meta pechará as **15:30 h.**

5- AVITUALLAMENTOS

Todas as probas teñen dereito a avituallamentos durante e ao final de cada percorrido. Establécense os seguintes avituallamentos:

- TRAIL LONGO: 7,4km (fonte), 7.5km (líquido-sólido), 11.2km (líquido-sólido), 15 (líquido-sólido), 18.8km (líquido), 22.1km (líquido-sólido), 26.6km (fonte)
- TRAIL CURTO: 7,4km (fonte), 7.5km (líquido-sólido), 11.2km (líquido-sólido)
- ANDAINA: 6km (líquido-sólido), 10km (líquido-sólido), 16km (líquido-sólido)
- MINIANDAINA: 6km (líquido-sólido)

6- MATERIAL OBRIGATORIO E RECOMENDADO

	ANDAINA	TRAIL CURTO	TRAIL LONGO
Ropa e calzado adecuado	✓	✓	✓
Recipiente con auga (mín. ½ litro)	✓	✓	✓
Teléfono móbil	✓	✓	✓
Dorsal	✓	✓	✓
Manta térmica	○	✓	✓
Silbato	○	○	○
Gorra, viseira ou bandana	○	○	○
Chaqueta impermeable /cortavento			○

✓ MATERIAL OBRIGATORIO

○ MATERIAL RECOMENDADO

7- PARTICIPACIÓN, CATEGORÍAS E TROFEOS

- Hai trofeos para os 3 primeiros clasificados absolutos en cada proba, tanto masculino como feminino.
- Tamén haberá trofeos para os 3 primeiros clasificados de cada unha das categorías e por sexo (non acumulativos aos trofeos absolutos)
 - **Senior:** ata 39 años inclusive
 - **Master1:** De 40 a 49 anos
 - **Master2:** De 50 en diante(*) – A idade válida é ao día do evento
- Haberá os seguintes diplomas (sin distinción de prueba a la que se inscriba):
 - Corredora mais veterana / Corredor mais veterano
 - Corredora mais nova / Corredor mais novo
 - Clube mais numeroso (con mais inscritos).
- Para optar á clasificación, os corredores participaran sen recibir axuda externa ou doutro participante, debendo completar a totalidade do percorrido.
- Na modalidade de Trail Longo non se permite a participación de menores de idade. Na modalidade de Trail Curto, permítese a participación de maiores de 16 anos. Os menores de idade que queiran participar no trail deberán entregar unha autorización firmada polos tutores.
- Na modalidade de Andaina, no caso de menores, poderán inscribirse xunto cun adulto INSCRITO NA PROBA, e deberán entregar unha autorización firmada polos tutores.
- Os dorsais son persoais e intransferibles. Correr co dorsal doutro corredor implica a descalificación e non estar cuberto por ningún tipo de seguro.
- A partires das 13:00 (hora orientativa, os días previos publicarase o horario oficial) celebraranse as probas para os menores:
 - Ata 6 años (inclusive): Carreira de 50 metros na zona meta
 - Entre 7 e 12 anos: **PequeTrail** de 800 metros
 - Entre 13 e 16 años: **PequeTrail** de 800 metros
- Esta proba non é competitiva. Os pais poden acompañar aos menores durante o percorrido Establécese un máximo de 70 participantes en total, por rigurosa orde de inscrición Entregaranse medallas a todos os participantes
- **As inscricións na categoría de menores NON SE REALIZARÁN a través da plataforma online. Faranse enviando un email a osaltamontes@gmail.com ou por Whatsapp no teléfono 607884806** indicando os seguintes datos:
 - Nome, Data Nacemento, DNI, Teléfono e Email
- Tamén se poderán apuntar de maneira presencial na:
 - Biblioteca de Xunqueira de Ambía

8- DEBERES DOS CORREDORES E ANDARINS

- Os participantes corren/camiñan baixo a súa responsabilidade. Sobre eles recae a decisión da saída e a realización da carreira/andaina.
- Os participantes están obrigados a levar o dorsal facilitado pola organización. Éste levarase nun lugar visible na parte dianteira durante toda a proba e non poderá ser dobrado nen recortado.
- Os participantes deben socorrer a outro corredor en perigo ou accidentado e a comunicalo á organización.
- A seguir as instrucións dos membros da organización e non sairse do itinerario sinalizado.
- Deben comunicar a súa retirada nun control ou avituallamento, entregando o dorsal. O corredor asume toda a súa responsabilidade dende que abandona voluntariamente a proba ou cando sexa descalificado. Se decide continuar no percorrido será baixo a súa absoluta responsabilidade.
- Cada participante ten a obriga de portar consigo calquera residuo que xere: envases, papeis, residuos orgánicos, etc., ata os lugares sinalados e habilitados pola organización

9- MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓN

- Abandoar residuos fora das papeleiras situadas nos avituallamentos.
- Non auxiliar ao participante que o necesite
- Non obedecer as indicacións do persoal identificado como da organización
- Non levar o dorsal visible.
- Atallar, sairse do itinerario sinalizado, especialmente nas zonas mais sensibles, co fin de non danar o medio ambiente.
- Non pasar polos controis de paso que determine a organización.
- Non realizar o percorrido completo.

10- CANCELACIÓNS E/OU MODIFICACIÓNS

a organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e percorridos ou suspender a proba, se así o estima oportuno, por razóns climatolóxicas ou de seguridade. En caso de suspensión da proba procederase á devolución do 100% da cuota de inscrición.

Todas as solicitudes de cancelación que estén motivadas tramitaranse sen ningún problema ata o 15 de xullo de 2024 e devolverase o 100% da cuota de inscrición. A partir de ahí e ata o 31 de xullo devolverase o 50%. A partir do 1 de agosto non se efectuarán devolucións.

Poderase cambiar o nome dun dorsal ata o 5 de agosto.

Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións.

11- COMPROMISO DOS CORREDORES

Será obrigatorio por parte de todos os participantes preservar o entorno, estando prohibido botar desperdicios fora das zonas establecidas nos avituallamentos. Será motivo de descalificación incumplir esta norma elemental por parte dos participantes.

Cada corredor será responsable de todo perxucio ou lesión que poidera causar a sí mesmo ou a terceiros, exonerando á organización de calquera responsabilidade no caso de accidente ou lesión.

Os participantes están obrigados a socorrer a outros participantes durante o transcurso da carreira.

12- OBSERVACIÓNS FINAIS

Haberá un sorteo de diferentes regalos proporcionados polos nosos patrocinadores. Todos os participantes poderán consultar se o seu dorsal foi premiado ao finalizar o evento na zona do avituallamento final.

Existirá un dispositivo de Protección Civil para velar pola seguridade dos participantes.

A organización non se fará responsable dos accidentes ou danos que poidan ocorrerlles aos participantes, pero tratará por todos os medios de evitalos.

A organización contratará un seguro de responsabilidade civil e de accidentes, pero é recomendable que os participantes dispoñan de licenza federativa ou posúan un seguro persoal.